



Estimados pais e nais:

Queremos informaros de dúas actividades que imos realizar na última semana de febreiro: **II SEMANA DE PROXECTOS E FESTA DO ENTROIDO.**

Do 25 de febreiro ao 1 de marzo realizaremos a **II SEMANA DE PROXECTOS.**

Durante esta semana, do mesmo xeito que fixemos no primeiro trimestre, todo o colexio traballará os contidos curriculares con esta nova metodoloxía.

Achegaranse ás nosas clases, en distintos momentos da semana, persoas que nos virán informar sobre os temas que imos traballar. A todos eles, dámoslles as grazas de antemán por achegar os seus coñecementos aos nosos alumnos, agradecendo a súa dispoñibilidade.

O **venres 1 de marzo** expoñeremos en cada clase os “produtos finais” dos proxectos realizados. Gustaríanos convidaros a que vos acheguedes á nosa clase. A hora de inicio das exposicións fixaraas cada titor a través da axenda.

Pola tarde, o **venres 1 de marzo**, celebraremos a **FESTA DO ENTROIDO** no colexio. Esta festa está organizada pola ANPA. A hora de comezo, será ás 17:00 h. A temática dos disfraces será libre. Haberá premios para os mellores disfraces, (individuais ou en grupo, 3 ou máis persoas), doces de entroido feitos pola ANPA, rifas, e animacións musicais para pasalo moi ben nesta festa.

Esperámosvos a todos, animándovos a que participedes e gocedes connosco, nesta semana de proxectos e no entroido.

Atentamente: O Equipo Educativo e a ANPA.